

Acta da Comisión Permanente do día 29 de setembro de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 29/09/2020.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 29/09/2020.
- III. Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro.
- IV. Horarios modificados das titulacións impartidas na EEME.
- V. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.
- VI. Táboa de recoñecemento de créditos de ciclos de FP para os novos plans de grao.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1 Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 10 de setembro de 2020.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior.

2 Informe da Presidenta.

A Presidenta comenta as particularidades do inicio deste curso; sinala que non houbo problemas cos aforos aínda que si tiveron que facerse algúns cambios puntuais de espazos. Engade que o día 17 se levaron a cabo as xornadas de benvida ao alumnado de 1º, en quendas de mañá e tarde.

3 Aprobación, se procede, do Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro.

A Presidenta sinala que o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) da Universidade de Vigo trasladou un conxunto de suxestións ao Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro aprobado na Comisión Permanente do 30 de xullo. A Dirección plantexou unhas dúbidas ao SPRL e ao Grupo de Expertos COVID19 da Universidade, en xullo, pero aínda non achegaron as respostas. Pese a que as medidas de prevención e control sanitario están habilitadas no centro, como non se pode agardar máis para dispor do documento actualizado, propónse aprobalo, trasladalo ao SPRL e ao Comité de Seguridade e Saúde da Universidade para súa valoración, tal como establece o procedemento establecido na Universidade.

Con respecto ao plan aprobado en xuño, fixéronse algúns cambios obvios propostos polo SPRL, algunha cuestión puntual relativa aos cálculos dos aforos, especificáronse algunhas

das pautas de actuación en laboratorios, e engadíronse uns anexos cos protocolos de limpeza, servizo de comedor e cafetería.

A continuación ábrese unha quenda intervencións.

Carmen Pérez traslada a dificultade de facer prácticas nas súas materias, que se imparten nuns laboratorios da Escola de Enxeñaría Industrial, xa que o aforo é de 12-13 persoas e o número de alumnado matriculado é elevado. A Presidenta pídelles a información concreta para poder estudialo caso por caso.

Pedro Arias fai unha pregunta sobre o anexo dos aforos COVID19 dos laboratorios. A Presidenta responde que a información que figura na proposta corresponde ao criterio establecido para os laboratorios de investigación pola Universidade, que se calcula tendo en conta unha densidade mínima de 5 m²/persoa. Non obstante, sinala que, no caso de laboratorios de investigación con postos de traballo fixos conviría calcular os aforos co criterio de separación de 1,5 m entre persoas. A Presidenta propón que se delegue nela o cálculo actualizado dos aforos dos laboratorios de investigación, de forma coordinada cos responsables dos laboratorios, tendo en conta o tipo de traballo que se realiza neles (postos fixos ou non).

Apróbase por asentimento o Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro cos axustes indicados.

4 Aprobación, se procede, da modificación puntual dos horarios nas titulacións impartidas na EEME.

A Presidenta cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, que comenta os cambios puntuais, de horarios e espazos, para dar cabida aos últimos matriculados, respectando os aforos das aulas. Aclara que xa se informou ao profesorado e alumnado afectado e que aínda podería xurdir algún problema puntual de aforos en grupos B que habería que abordar caso por caso.

Apróbase por asentimento a modificación puntual dos horarios. A Presidenta agradece a María o traballo realizado.

5 Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.

A Presidenta comenta que o prazo para solicitar a defensa de TFG nesta convocatoria Fin de Carreira finaliza o 30 de setembro. Por elo propón delegar na Directora do centro a configuración dos tribunais e incluílos como anexo á acta desta sesión. Aclara que ata o momento da sesión hai 1 traballo do GEE e 1 do GERME.

Apróbase por asentimento a delegación na Directora da designación dos tribunais.



6 Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.

A Presidenta aclara que as solicitudes de matrícula a tempo parcial se corresponden cun procedemento de tipo administrativo consistente unicamente en comprobar que cumpren os requisitos establecidos pola normativa desta Universidade. Por elo, propón delegar na propia Área Académica de Grao a resolución favorable das solicitudes de matrícula a tempo parcial, presentadas por alumnado deste centro, que cumpran os requisitos establecidos.

Apróbase a proposta por asentimento.

No relativo á táboa de recoñecemento de créditos de ciclos de FP para os novos plans de grao apróbase delegar na Presidenta a adaptación da táboa destes recoñecementos, incorporándoa como anexo á acta da sesión.

Apróbase a proposta por asentimento.

7 Asuntos de trámite.

Non hai.

8 Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte e nove de setembro de dous mil vinte.

Vº e Prace
A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 29/09/2020

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o martes 29 de setembro de 2020, ás 12:30 h en primeira convocatoria e as 13:00 h en segunda.

A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 10 de setembro de 2020.
2. Informe da Presidenta.
3. Aprobación, se procede, do Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro.
4. Aprobación, se procede, da modificación puntual dos horarios nas titulacións impartidas na EEME.
5. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.
6. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
7. Asuntos de trámite.
8. Rogos e preguntas.

Vigo, 22 de setembro de 2020
O Secretario

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** *acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-ElE-De-6-Qu-ese-ElE) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.*

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 29/09/2020

Asistentes á Comisión Permanente do 29 de setembro de 2020
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
María Araújo Fernández
Profesorado
Pablo Eguía Oller
Alfonso Mandado Vázquez
Pedro Arias Sánchez
M ^a del Carmen Pérez Pérez
Estudantes
–
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

Escusan a súa ausencia Santiago Domínguez Blanco e
Belén Parente Artime.



ANEXO III

Plan de Prevención e Control Sanitario do Centro



ANEXO IV

Horarios modificados das titulacións impartidas na EEME



ANEXO V

**Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa
nesta vindeira convocatoria**



ANEXO VI

Táboa de recoñecemento de créditos de ciclos de FP para os novos plans de grao